

3.5. Bloque de formación práctica.

3.5.1. Módulo formativo: módulo de formación práctica.

Capacidades terminais e sesións formativas de referencia

Nº	Capacidades terminais	Sesións de avaliación
1	Concreta-la programación e dirixi-lo adestramento de xogadores e equipos de fútbol e a súa participación en competicións de medio e alto nivel.	* Análise da concreción das actividades que se poden planear para a consecución do obxectivo deportivo. * Valoración das características dos futbolistas e as súas capacidades. * Descrición do sistema táctico máis axeitado para os enfrontamentos cos rivais.
2	Programar e dirixi-lo acondicionamento físico de xogadores de fútbol.	* Seguimento físico dos deportistas a nivel individual e colectivo. * Verificación do rendemento físico dos deportistas e dos equipos en colaboración con outros especialistas.
3	Programar e dirixi-lo ensino deportivo do fútbol.	* Planificación do ensino do fútbol. * Planificación do sistema avaliativo do equipo e dos xogadores trala competición.
4	Programar e coordina-la actividade dos técnicos deportivos de nivel inferior ó seu.	* Seguimento e control das actividades desenvolvidas polos técnicos deportivos de fútbol. * Valoración da posta en práctica das tarefas programadas.
5	Dirixir un departamento, unha sección ou unha escola de fútbol.	* Xestión e administración da sección, a escola ou o departamento. * Solución rápida de imprevistos. * Identificación da regulamentación do departamento, a escola ou a sección de fútbol.
6	Comportarse de xeito autónomo co grupo de traballo integrándose no equipo do club, a entidade e a federación.	* Participación en actividades complementarias en caso necesario, respectando as características e as normas propias de cada entidade. * Planificación de actividades deportivas ligadas ó desenvolvemento do fútbol.

Duración: 200 horas

Desenvolvemento das sesións

Baixo a supervisión do titor asignado e co equipo ou grupo, o período total de formación práctica distribuirase do seguinte xeito:

* Sesións de adestramento de fútbol, entre un 25% e un 30%.

* Sesións de acondicionamento físico de futbolistas, entre un 10% e un 20%.

* Sesión de dirección de equipos, entre un 20% e un 25 %.

* Sesións de programación e dirección de ensinanzas deportivas do fútbol, entre un 20% e un 25%.

* Sesións de programación e coordinación de técnicos deportivos de nivel inferior, entre un 15% e un 20%.

* Sesións de dirección dunha escola de fútbol, entre un 10% e un 15%.

As sesións formativas desenvolveranse en tres fases: observación, colaboración e actuación supervisada. Ó termo das fases o alumno redactará a memoria correspondente a cada sesión.

3.6. Bloque de proxecto final.

3.6.1. Módulo formativo: proxecto final.

Duración: 75 horas.

3.6.2. Obxectivo.

O proxecto final ten como obxectivo comprobar que o alumno asimilou e é capaz de integrar, sincretizar

e aplica-los coñecementos teórico-prácticos adquiridos durante o proceso formativo e, en consecuencia, de desempeñar unha actividade profesional no campo propio de técnico deportivo superior en fútbol.

3.6.3. Estructura.

O proxecto final será elaborado polo alumno de acordo coa seguinte estrutura:

* **Introducción**, que establecerá os obxectivos do traballo, a súa relación con outros traballos precedentes, de os haber, e o seu enfoque xeral.

* **Núcleo do proxecto.**

* **Referencias bibliográficas e iconográficas** utilizadas para a elaboración do traballo.

3.6.4. Contidos do proxecto.

O proxecto final consistirá na concepción e na elaboración dun traballo monográfico, que versará sobre algún dos aspectos da súa formación:

* **Adestramento de xogadores e equipos de fútbol.**

* **Dirección técnica de equipos de xogadores de fútbol.**

* **Acondicionamento físico de xogadores de fútbol.**

* **Dirección de técnicos deportivos.**

* **Dirección de escolas de fútbol.**

* **Ensinado do fútbol.**

3.6.5. Avaliación.

O proxecto final será cualificado seguindo a escala numérica dun a dez puntos, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos, e negativas as restantes.

Valorarase, no proxecto:

* **Realización dun traballo orixinal.**

* **Utilización dunha linguaxe clara e unha correcta terminoloxía específica.**

* **Presentación e estruturación correcta do proxecto.**

* **Pertinencia e viabilidade do proxecto.**

* **Realización dunha completa revisión bibliográfica.**

4. Ordenación académica e impartición.

4.1. Acceso ás ensinanzas.

4.1.1. Requisitos de acceso e promoción.

Para o acceso ó grao superior das ensinanzas de fútbol requirirase:

* **Posuí-lo título de bacharelato ou equivalente para afectos académicos.**

* **Dispor do título de técnico deportivo de fútbol.**

* **Acreditar experiencia como adestrador titular** nalgunhas das condicións que de seguido se especifican:

-Dúas tempadas como mínimo en equipos participantes en competicións de terceira división ou de categoría rexional preferente.

-Tres tempadas como mínimo en equipos participantes en competicións de categoría rexional ordinaria ou na liga nacional xuvenil.

-Catro tempadas como mínimo en equipos participantes en competicións nas categorías xuvenil, cadete, infantil, alevín ou benxamín.

A experiencia deportiva acreditarase mediante o certificado expedido, segundo o caso, pola Real Federación Española de Fútbol ou pola federación autonómica de fútbol correspondente.

As competicións terán que ser promovidas pola Real Federación Española de Fútbol ou polas federacións autonómicas de fútbol.

Unha tempada considerárase completada cando o técnico deportivo, en calquera das dúas especialidades de fútbol, realizara as súas funcións durante un período mínimo de seis meses ou, se é o caso, 183 días.

4.1.2. Requisitos de acceso para persoas en circunstancias especiais.

Acceso sen o título de bacharelato:

* Será posible acceder ás ensinanzas sen cumprir-lo requisito de titulación de bacharelato, sempre que o aspirante reúna as condicións de ter cumpridos 20 anos e demostra-la madurez en relación ós obxectivos formativos do bacharelato, tanto intelectual -acreditada a través do dominio das capacidades lingüísticas-, como de razoamento e de coñecementos fundamentais.

* A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará no ámbito da súa competencia as probas ás que se refire o punto anterior.

Acceso dos deportistas de alto nivel:

Para a exención de requisitos de acceso para os deportistas de alto nivel:

* De conformidade co artigo 53 da Lei 10/1990, estarán exentos dos requisitos deportivos os deportistas de alto nivel que reúnan os requisitos de carácter xeral para acceso ás ensinanzas deportivas ou ben que superen as probas de acceso que se establecen para as persoas que non posúen a titulación de bacharelato.

* A duración deste beneficio estenderase ós 5 anos seguintes á perda da condición de deportista de alto nivel, excepto se esta se produce como consecuencia do disposto no artigo 16, parágrafos b), c) e d), do Real decreto 1467/1997, sobre deportistas de alto nivel.

Probas de acceso adaptadas ós que acrediten discapacidades:

* As solicitudes de acceso ás ensinanzas de técnico deportivo superior na especialidade de fútbol de persoas discapacitadas deberán acompañar do correspondente certificado de minusvalidez expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

* Co obxectivo de garanti-la eficacia da formación e o posterior exercicio das competencias profesionais inherentes ó título, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá un tribunal que avaliará o grao de discapacidade e as limitacións que leva implícitas para cursar con aproveitamento as ensinanzas e, se é o caso, adaptará os requisitos das probas de madurez que deban supera-los aspirantes.

4.2. Profesorado.

4.2.1. Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos das ensinanzas deportivas en centros sostidos con fondos públicos.

Nº	Módulo de formación	Especialidade do profesorado	Corpo
1	Biomecánica deportiva.	Educación física.	Profesor de ensino secundario.
2	Adestramento de alto rendemento deportivo.	Educación física.	Profesor de ensino secundario.
3	Fisioloxía do esforzo.	Bioloxía e xeoloxía. Procesos sanitarios. Procesos de diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos. Educación física.	Profesor de ensino secundario.
4	Xestión do deporte.	Administración de empresas. Economía. Formación e orientación laboral. Educación física.	Profesor de ensino secundario.
5	Psicoloxía do alto rendemento deportivo.	Psicoloxía e pedagogía. Educación física.	Profesor de ensino secundario.
6	Socioloxía do deporte de alto rendemento.	Educación física.	Profesor de ensino secundario.
7	Desenvolvemento profesional.	Profesor especialista.	Profesor especialista.
8	Dirección de equipos.	Profesor especialista.	Profesor especialista.
9	Metodoloxía do ensino e adestramento do fútbol.	Profesor especialista.	Profesor especialista.
10	Preparación física específica.	Profesor especialista.	Profesor especialista.
11	Regras do xogo.	Profesor especialista.	Profesor especialista.
12	Seguridade deportiva.	Profesor especialista.	Profesor especialista.
13	Táctica e sistemas de xogo.	Profesor especialista.	Profesor especialista.
14	Técnica individual e colectiva.	Profesor especialista.	Profesor especialista.
15	Terminoloxía en lingua estranxeira, máis frecuente nas ciencias da especialidade e nas ciencias do deporte.	Educación física.	Profesor de ensino secundario.
16	Procesadores de textos, bases de datos e multimedia.	Informática.	Profesor de ensino secundario.
17	Práctica deportiva realizada con discapacitados.	Educación física.	Profesor de ensino secundario.

4.2.2. Requisitos de titulación que acreditan o profesorado para imparti-los módulos destas ensinanzas.

Módulo de formación	Titulación do profesorado
Biomecánica deportiva.	Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte. Calquera outra titulación universitaria de ciclo longo da área de ciencias experimentais e da saúde ou da área das ensinanzas técnicas, e acredita-la formación suficiente na materia.
Adestramento de alto rendemento deportivo.	Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.
Fisioloxía do esforzo.	Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte. Licenciado en medicina. Outra titulación universitaria de ciclo longo da área de ciencias experimentais e da saúde, e acredita-la formación suficiente na materia.
Xestión do deporte.	Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte. Licenciado en economía. Licenciado en ciencias empresariais. Licenciado en dereito. Outra titulación universitaria de ciclo longo da área de humanidades ou da área de ciencias sociais e xurídicas, e acredita-la formación suficiente na materia.

Módulo de formación	Titulación do profesorado
Psicoloxía do alto rendemento deportivo.	Licenciado en psicoloxía. Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte. Outra titulación universitaria de ciclo longo da área de ciencias sociais e xurídicas, e acredita-la formación suficiente na materia.
Socioloxía do deporte de alto rendemento.	Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte. Licenciado en socioloxía. Outra titulación universitaria de ciclo longo da área de ciencias sociais e xurídicas, e acredita-la formación suficiente na materia.
Desenvolvemento profesional.	Licenciado en economía. Licenciados en ciencias da actividade física e do deporte. Licenciado en dereito. Técnico deportivo superior da especialidade de fútbol correspondente.
Dirección de equipos.	Técnico deportivo superior da especialidade de fútbol correspondente. Licenciado en psicoloxía.
Metodoloxía do ensino e do adestramento da especialidade deportiva.	Técnico deportivo superior da especialidade de fútbol correspondente. Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.
Preparación física.	Técnico deportivo superior da especialidade de fútbol correspondente. Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.
Regras de xogo.	Técnico deportivo superior da especialidade de fútbol correspondente.
Seguridade deportiva.	Técnico deportivo superior da especialidade de fútbol correspondente. Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.
Táctica e sistemas de xogo.	Técnico deportivo superior da especialidade de fútbol correspondente. Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.
Técnica individual e colectiva.	Técnico deportivo superior da especialidade de fútbol correspondente. Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.
Terminoloxía en lingua estranxeira frecuente nas ciencias da especialidade e nas ciencias do deporte.	Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.
Procesadores de texto, bases de datos e multimedia.	Enxeñeiro en informática ou calquera titulación universitaria de ciclo longo da área das ensinanzas técnicas, e acredita-la formación práctica correspondente.
Práctica deportiva realizada con discapacitados.	Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.

4.2.3. Equivalencias de titulación para efectos de docencia.

Para a impartición dos módulos de formación que de seguido se determinan, establécense as seguintes equivalencias para efectos de docencia:

Módulo formativo	Titulación do profesorado
Desenvolvemento profesional.	Diplomado en ciencias empresariais. Diplomado en relacións laborais. Diplomado en turismo.
Xestión do deporte.	Diplomado en ciencias empresariais. Diplomado en relacións laborais. Diplomado en turismo.

4.2.4. Equivalencias de titulacións para o seguimento do bloque de formación práctica.

Para realiza-lo seguimento do bloque de formación práctica, considérase equivalente para efectos de docencia o diploma de adestrador nacional de fútbol expedido pola Real Federación Española de Fútbol, recollido segundo o previsto no artigo 42.2º do Real decreto 1913/1997.

4.2.5. Habilitación docente a expertos e especialistas.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por proposta do Consello Superior de Deportes e de acordo coas comunidades autónomas que se atopan en pleno exercicio das súas competencias educativas, establecerá as condicións que teñen que reuni-los deportistas con méritos sobresalientes a nivel internacional e as persoas nas que concorran méritos deportivos con prestixio recoñecido e experiencia profesional que asegure, en cada caso, a preparación necesaria para o desempeño da súa función docente, para os efectos de obter habilitación para impartilas ensinanzas de determinados módulos do bloque específico ou do bloque de formación práctica que se regulan neste decreto.

Mediante a devandita habilitación docente, obterase a condición de profesor especialista para impartila docencia do módulo correspondente.

4.3. Requisitos materiais dos centros de formación dos técnicos da especialidade de fútbol.

4.3.1. Espacios de uso administrativo e docente xenérico.

* Sala de uso múltiple para o desenvolvemento das actividades comúns do centro, con capacidade suficiente para o número de prazas autorizadas.

* Cada unha das especialidades deportivas que se pretenda impartir deberá dispor dunha unidade de seminario en horario compatible.

* Servicios e fondos que garantan a consulta de libros, revistas e documentos en soporte audiovisual das especialidades de fútbol.

* Espacios independentes para os órganos de goberno e os servicios administrativos do centro, secretaría e sala de profesores, todo isto axeitado á capacidade do centro.

* Aseos e servicios hixiénico-sanitarios en número axeitado á capacidade do centro, tanto para alumnos como para profesores, en función do que dispoña a lexislación que en cada caso sexa aplicable.

* Dependencias para a almacenaxe de material, axeitadas ás necesidades do centro.

* Zona de vestiarios axeitada á capacidade do centro, en función do que dispoña a lexislación que en cada caso sexa aplicable.

Non se debe interpretar que os diversos espacios formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante pechamentos.

4.3.2. Requisitos de instalacións e equipamentos docentes deportivos.

* Os centros de formación de técnicos deportivos das especialidades de fútbol disporán do espazo suficiente e do equipamento docente necesario nas súas aulas, para atende-los alumnos inscritos en cada nivel e grao de formación da correspondente especialidade.

* A superficie da aula onde se desenvolven as clases teóricas terá polo menos 40 metros cadrados, ou 1,5 metros cadrados por alumno.

* Os centros disporán dunha sala deportiva polivalente debidamente equipada para a impartición dos contidos teórico-prácticos dos distintos módulos. As dimensións deberán ser suficientes para atender simultaneamente os alumnos inscritos nun módulo de formación determinada, respectando o número máximo de alumnos por profesor.

* As instalacións estarán dotadas da moblaxe e do equipamento didáctico de uso colectivo suficiente para impartir con garantías de calidade estas ensinanzas.

* Os centros disporán de medios audiovisuais que garantan a impartición correcta das ensinanzas destes técnicos deportivos.

* Para a impartición das clases teórico-prácticas, os centros de formación das especialidades deportivas de fútbol terán que acredita-la disposición de acceso ás instalacións seguintes:

-Un campo de fútbol de herba de medidas regulamentarias e dotado de porterías.

-Dous campos de fútbol de medidas reducidas dotados de porterías.

-Un balón de fútbol regulamentario por cada alumno, en perfectas condicións de uso.

* Os centros deberán contar cun mínimo de cinco manequíns de recuperación cardiopulmonar.

As ensinanzas deportivas de réxime especial conducentes á obtención dos títulos de técnico deportivo (superior) na modalidade de fútbol nas especialidades de fútbol requiren dos seguintes espazos cos seguintes graos de utilización.

Superficie e grao de utilización de espazos e instalacións:

Espacio formativo	Superficie (22 alumnos)	Grao de utilización
Aula	40 m ² ou 1,5 m ² por alumno	55%
Sala deportiva polivalente	Segundo a normativa vixente	10%
Campo de fútbol de herba grande	Medidas regulamentarias	25%
Campo de fútbol	Medidas reducidas	10%

O grao de utilización expresa en tanto por cento a ocupación en horas do espazo previsto para a impartición das ensinanzas, por un grupo de alumnos, respecto da duración total das ensinanzas.

4.3.3. Requisitos de seguridade e responsabilidade.

En relación ós requisitos de seguridade e responsabilidade, os centros deberán dispor de:

* Servicio médico ou, se é o caso, dun concerto de asistencia médica de urxencia.

* Plan de evacuación de enfermos e accidentados.

* Seguro que cubra a reponsabilidade civil que puidese ser reclamada ó centro, en razón da súa propia actividade.

4.4. Validacións, correspondencias e acceso a outros estudos.

4.4.1. Validación do bloque común.

A superación do bloque común do grao superior de calquera das modalidades ou especialidades das ensinanzas ás que se refire o Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, terá validez para as ensinanzas do grao superior da especialidade de fútbol.

4.4.2. Módulos profesionais que poden ser obxecto de correspondencia coa práctica deportiva de alto nivel (Real decreto 1467/1997, do 19 de setembro, sobre deportistas de alto nivel).

A práctica dos deportistas que tivesen a consideración de alto nivel nas especialidades de fútbol, poderán ser obxecto de correspondencia formativa cos módulos de técnica individual e colectiva na especialidade de fútbol na que tiveran a referida consideración.

* Técnica individual e colectiva III.

4.4.3. Acceso a outros estudos.

* Os títulos de técnico deportivo superior en fútbol darán acceso ós seguintes estudos universitarios:

-Mestre (tódalas especialidades).

-Diplomado en educación social

-Diplomado en fisioterapia.

-Diplomado en terapia ocupacional.

-Diplomado en traballo social.

-Diplomado en enfermería.

-Diplomado en empresas e actividades turísticas.

-Diplomado en turismo.

-Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte.

4.5. Criterios xerais para o desenvolvemento e a avaliación das ensinanzas.

* O ensino e a avaliación da aprendizaxe do alumno realizarase por módulos, considerando as capacidades terminais e os criterios de avaliación establecidos no currículo para cada módulo, así como a madureza académica do alumno en relación coa competencia xeral que se establece no perfil profesional das ensinanzas.

* A formación práctica desenvolverase en institucións deportivas de titularidade pública ou entidades privadas, así coma no marco de programas de intercambio internacional. A avaliación do módulo de formación práctica realizarase o titor correspondente e só se concederá a cualificación de apto ou non apto. Para acadala cualificación de apto os alumnos terán que:

-Asistir como mínimo ó 80% das horas establecidas para cada unha das fases.

-Acada-las capacidades terminais asociadas ás sesións formativas.

-Presentar correctamente unha memoria estruturada nos apartados seguintes:

-Descrición da estrutura e do funcionamento do centro, das instalacións e dos espazos en que se realizan as prácticas, do grupo ou grupos, así como o período en que se desenvolven.

-Desenvolvemento das prácticas: fichas de seguimento das prácticas de cada sesión agrupadas por fases.

-Informes de autoavaliación das prácticas.

-Informe de avaliación do titor.

* O proxecto final elaborárase de acordo coas características e os procedementos de elaboración que se establecen no módulo de proxecto final. O proxecto avaliarase despois de ter superado tódolos bloques do proceso formativo e a formación práctica. A súa realización non requirirá da escolarización do alumno; sen embargo, o centro facilitará o emprego da bibliografía e os medios necesarios para completa-lo proxecto con éxito. A avaliación do módulo de proxecto final farase segundo a escala numérica de un a dez puntos, sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos, e negativas as restantes.

4.6. Distribución horaria.

Os módulos profesionais deste ciclo formativo orgánzanse do seguinte xeito:

Bloque común:

Horas teóricas	Horas prácticas	Denominación dos módulos
10	10	Biomecánica deportiva
20	20	Adestramento de alto rendemento deportivo
20	10	Fisioloxía do esforzo
30	5	Xestión do deporte
10	5	Psicoloxía de alto rendemento deportivo
10	-	Socioloxía do deporte de alto rendemento

Bloque específico:

Horas teóricas	Horas prácticas	Denominación dos módulos
30	10	Desenvolvemento profesional III
15	15	Dirección de equipos III
15	10	Metodoloxía do ensino e do adestramento do fútbol III
20	25	Preparación física III
15	10	Regras de xogo III
5	5	Seguridade deportiva II
30	60	Tácticas e sistemas de xogo III
20	70	Técnica individual e colectiva III

Bloque complementario

Módulo formativo de información e comunicación.
25 horas.

Módulo formativo de lingua estranxeira (inglés).
50 horas.

Módulo de formación práctica

200 horas prácticas.

Módulo de proxecto final

75 horas.

* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 20, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Orde do 29 de setembro de 2003 pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos estatutos da Mancomunidade de Municipios de Terras de Deza.

Visto o texto dos estatutos que rexerán a Mancomunidade de Municipios de Terras de Deza, obsérvase que a súa aprobación se realizou de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 143 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, seguíndose os trámites de:

Primeiro.-O expediente para a constitución da mancomunidade iniciouse por acordo dos concellos de Lalín, Silleda, Vila de Cruces, A Golada, Rodeiro e Dozón.

Segundo.-Con data 16 de outubro de 2002 foi aprobado inicialmente o proxecto de estatutos pola Comisión Xestora.

Terceiro.-Con data 8 de novembro de 2002, a Asemblea de Concelleiros dos municipios integrantes da mancomunidade aproba provisionalmente o citado proxecto de estatutos.

Cuarto.-Segundo certificación da secretaría da mancomunidade, o proxecto dos estatutos foi exposto a información pública durante o prazo dun mes, mediante edictos publicados nos taboleiros de anuncios dos concellos, así como no BOP de Pontevedra nº 228, do 27 de novembro de 2002 e no *Diario Oficial de Galicia* nº 227, do 26 de novembro de 2002, sen que se producise ningunha reclamación ou alegación respecto deles.

Quinto.-Así mesmo, o proxecto de estatutos recibiu o informe da Deputación Provincial de Pontevedra e da Dirección Xeral de Administración Local, da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

Sexto.-O presidente da Comisión Xestora remitiu, con data de entrada nesta consellería do 19 de setembro de 2003, certificacións dos acordos dos plenos dos concellos de Lalín, Silleda, Vila de Cruces, A Golada, Rodeiro e Dozón, que conforman a Mancomunidade de Terras de Deza, de aprobación defi-